



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Guión, produción e realización de programas de ficción

Materia	Guión, produción e realización de programas de ficción			
Código	P04G070V01602			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	18	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Miragaya López, Laura María			
Profesorado	Fernández Pérez, Rosa Maríana Frade Fraga, Sergio Miragaya López, Laura María Pérez Feijoo, Paulino Emilio Soutelo Soliño, Carlos Manuel			
Correo-e	lmiragaya@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudio e capacitación nas técnicas de creación e difusión de proxectos de produción e realización de programas de ficción televisiva.			
	Técnica, expresión e linguaxe audiovisual aplicado á realización de programas de ficción.			
	Análise da linguaxe, da estrutura dos mensaxes e das funcións comunicativas dos xéneros de ficción narrativa para TV.			
	Análise e práctica da expresión dialogada e a súa aplicación nos guións de ficción.			
	Técnicas e procesos de elaboración dun guión ó través dos diferentes formatos de programas de ficción.			
	Deseño da iluminación e o son para producións de ficción televisiva			

## Competencias

Código	
CG3	Capacidade para aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe
CG4	Habilidade para expor os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
CG6	Coñecementos sobre a evolución histórica da imaxe e da cultura audiovisual, nos seus diferentes formatos
CE13	Capacidade para deseñar a posta en escena, iluminación e dirección de actores dunha produción audiovisual.
CE19	Coñecemento e aplicación das tecnoloxías audiovisuais (fotografía, cinema, radio, televisión e multimedia) en función das súas capacidades expresivas.
CE21	Capacidade para levar a cabo a gravación, composición, edición e postproducción de produtos audiovisuais.
CE23	Capacidade para escribir con fluidez guións para os diferentes formatos audiovisuais
CE24	Coñecemento e aplicación das técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos
CT2	Ser capaz de traballar en equipo e de comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
CT3	Ser capaz de asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.
CT4	Ser capaz de organizar as tarefas, realizándoas de maneira ordenada e adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual.

<b>Resultados de aprendizaxe</b>		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
1 - Desenvolver as diferentes rutinas produtivas asociadas á fase de preproducción dun relato de ficción audiovisual		CE24
2 - Desenvolver estratexias adecuadas a cada proxecto de ficción no que se refire a xestión dos recursos técnicos e humanos involucrados no relato audiovisual.	CG3	CE24
3 - Xestionar e calcular as partidas orzamentarias asociadas a unha produción de ficción.		CE24
4 - Aplicar criterios narrativos e estéticos á utilización da cámara desde o punto de vista do uso da linguaxe fotográfica ao servizo da historia.	CG6	CE13 CE19
5 - Interpretar desde o punto de vista narrativo un espazo sonoro e propor unha identidade sonora para guións orixinais		CE19 CE21
6 - Construír identidades visuais a través da iluminación e a posta en escena para relatos audiovisuais de ficción		CE13
7 - Coñecer e aplicar os procesos técnicos e creativos asociados á realización de ficción en estudio e en exteriores		CE13 CE19
8 - Escribir con fluidez escaletas de guións de ficción de curta duración con e sen uso de diálogos.		CE23
9 - Desenvolver a capacidade de traballo en equipo, imprescindible nas producións de ficción		CT2
10 - Producir, realizar e facer montaxes multi-cámara con material rodado mesmo no día.		CE21
11 - Fomentar o respecto, a través da análise de relatos audiovisuais, cara aos dereitos fundamentais das persoas	CG4	CT3 CT4
12 - Analizar os mecanismos fundamentais de construción, tanto de tramas como de personaxes asociados a pezas de ficción.		CE23 CE24

### **Contidos**

Tema

## BLOQUE 2 O GUIÓN NA FICCIÓN

### GUIÓN DE FICCIÓN

Concepto do guión.

O guión no proceso da produción audiovisual. Funcións do Guión.

A idea temática ou premisa temática.

A unidade dramática do guión. Reactualización de temas.

### ELEMENTOS DA NARRACIÓN AUDIOVISUAL

O conflito.

Equilibrio, alteración, motivación, obstáculos e obxectivo.

Clasificación dos conflitos.

Conflito e climax.

### A MANIFESTACIÓN DO PERSONAXE

Diversas concepcións do personaxe.

A construción do personaxe.

O protagonista.

O antagonista.

Os personaxes secundarios e funcións.

A viaxe emocional.

Procesos de identificación.

Procesos de de emoción.

A revelación do personaxe.

### O DIÁLOGO COMO ELEMENTO DO PERSONAXE

As funcións do diálogo.

A construción do diálogo.

Os problemas máis frecuentes do diálogo. Tipos de diálogo.

Subtexto.

### A TRAMA

Concepto de trama.

A construción da trama.

Tipos de trama pola función.

Tipos de tramas pola estrutura.

### A ESTRUCTURA DO ARGUMENTO

A estrutura clásica en actos.

O paradigma de Syd Field.

Intriga principal e secundaria.

Outros tipos alternativos de estrutura.

Os finais.

### MECANISMOS NARRATIVOS

O punto de vista.

A elipse, a anticipación, o suspense, o contraste.

A sorpresa

O McGuffin.

### O PROCESO DO GUIÓN

Idea.

Sinopse.

Argumento.

Escalaeta.

Tratamento.

Guión literario.

A construción de secuencias narrativas e escenas.

O tempo e o espazo na escena.

### OS FORMATOS DO GUIÓN

O formato a unha columna ou [americano].

O formato en dúas columnas ou [europeo].

A edición do guión.

**BLOQUE 1**  
**PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN DE FICCIÓN**

**A REALIZACIÓN AUDIOVISUAL É NARRACIÓN**

Estruturas narrativas na ficción audiovisual  
Xéneros cinematográficos.  
O sector cinematográfico  
Linguaxe e narrativa cinematográfica  
A estrutura do relato  
Realización audiovisual  
Recursos técnicos e humanos  
Visionados

**AS FERRAMENTAS DO REALIZADOR AUDIOVISUAL**

A cámara  
A dirección artística  
Dirección actoral I:  
1.-Contextualización e marco histórico da Dirección Escénica  
2.-Análise activa para dirección actoral  
3.- Adecuación da Análise activa ao traballo xeral da disciplina

A montaxe e a postproducción  
O audio  
Visionados

**A PRODUCCIÓN NA REALIZACIÓN DE PRODUTOS DE FICCIÓN**

O produtor executivo: [profesional globalizado]  
A especificidade do medio  
As ferramentas de produción  
Rutinas de traballo en produción e realización  
Visionados

**FICCIÓN MULTICÁMARA PARA TV**

O proceso produtivo  
Aplicación da realización narrativa ó produto televisivo  
Visionados

**RUTINAS DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL**

Unha perspectiva profesional na actualidade  
A teleserie en Galicia  
Pitching y package  
Os elementos da produción: desglose de produción  
Visionados

---

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	30	90	120
Prácticas de laboratorio	90	0	90
Presentación	30	30	60
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	60	60
Lección maxistral	30	0	30
Traballo	0	30	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	15	15
Práctica de laboratorio	0	45	45

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

---

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Resolución de problemas	O alumno de maneira individual e en equipo desenvolverá os guións, a planificación e a produción necesaria para a realización de diferentes proxectos de ficción.
Prácticas de laboratorio	O alumno desenvolverá en equipos de traballo todo o material necesario para a produción de proxectos de ficción: planificación da produción e da realización, iluminación, son, decorados e atrezzo, ensaios de actores, posta en escea...
Presentación	Os alumnos exporán na aula os traballos realizados para o desenvolvemento dos seus proxectos de ficción, que serán corregidos atendendo a cada un dos bloques que compoñen a materia.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumno en equipos de traballo e de maneira individual planificará e porá en funcionamento os diferentes proxectos que forman parte da materia e que o preparan para a elaboración do proxecto final: a realización dun microrelato de ficción.

Lección maxistral Clases de teoría sobre os coñecementos básicos que debe adquirir o alumno para o desenvolvemento de guións e a realización e produción proxectos de ficción.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	En tutorías
Prácticas de laboratorio	En horario de tutorías

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	10	CG4 CT2 CT3 CT4
Traballo	20	CG3 CE13 CE19 CE21 CE23 CE24
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	CG3 CE23 CG6 CE24
Práctica de laboratorio	60	CE13 CE19 CE21

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para obter a nota mínima de aprobado é necesaria a superación das prácticas e o exame teórico.

Considérase totalmente obrigatoria a asistencia ás prácticas.

En caso de non superar a parte teórica en primeira convocatoria, presentarase en segunda convocatoria só coa parte que non acade a nota mínima.

No caso de suspender a parte de contido práctico se propondrá polos docentes as probas prácticas que deberá superar o alumno na segunda convocatoria.

Estas premisas modificaranse en caso de cambio nas condicións docentes establecidas pola Universidade por contingencias do COVID 19, ou outra causa xustificada

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

KATZ, Steven., **Rodando. La planificación de secuencias.**, Plot, 2000

KATZ, Steven., **Plano a plano: de la idea a la pantalla.**, Plot, 2001

REA, Peter e IRVING, David., **Producción y dirección de cortometrajes y vídeos.**, IORTV, 2002

JACOSTE, J., **El productor cinematográfico.**, Síntesis, 1996

ARANDA, D. y DE FELIPE, F., **Guión audiovisual.**, 2006

RODRÍGUEZ DE FONSECA, F.J., **Como escribir diálogos para cine y televisión.**, T&B Editores, 2009

#### Bibliografía Complementaria

BROWN, B., **Cinematography: Image making for Cinematographers, Directors and Videographers.**, Burlington, 2002.

RABIGER, Michael., **Dirección de Cine y Vídeo.**, IORTV, 2005

FERNÁNDEZ DÍEZ, F. y MARTÍNEZ ABADÍA, J., **La dirección de producción para cine y televisión.**, Paidós, 1999

WURTZEL, Alan, y ROSENBAUM, John., **Television production**, McGraw-Hill., 1995

BROWN, B., **Iluminación en cine y televisión.** Escuela de cine y vídeo Andoain,

Macías, Juana, **24 palabras por segundo**, IORTV, 2003

VOGLER, Christopher, **El viaje del escritor**, Manontropo,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Guión, produción e realización para televisión/P04G070V01502

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Narrativa audiovisual/P04G070V01503

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\*As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios.

As metodoloxías previstas na guía foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída dende un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. A única diferenza será o espazo non que se desenvolve a actividade.

Nos grupos que requiran ser divididos derivados da normativa sanitaria [COVID], un grupo estará presente na aula, mentras que ou outro participará das mesmas actividades mediante conexión sincrónica non campus remoto e a plataforma Fatic.

Se a situación sanitaria require dun novo confinamento domiciliario, as metodoloxías na modalidade non presencial previstas tamén se manteñen, aínda que, neste caso a totalidade do alumnado seguirá de forma sincrónica a actividade docente na aula virtual do campus remoto.

As actividades prácticas que requiren de materiais específicos para a avaliación da de certos contidos da materia, contemplarán adaptacións que faciliten a adquisición das mesmas competencias con independencia do escenario no que se leven a cabo ( supostos prácticos e desenvolvemento de proxecto completo). Neste sentido, aquelas prácticas de laboratorio que non poidan desenvolverse nos espazos técnicos, sustituiranse por exercicios prácticos realizados de xeito individual e colectivo, polo tanto adaptaranse para que sexan realizadas de maneira autónoma no domicilio do alumnado e poderán realizar o proceso final en grupo, vía online, con ferramentas adecuadas para tal fin ( google drive, campus remoto, etc ). Algún exemplos delas serán: resolución de casos prácticos, exercicios de gravación e montaxe, realización de proxectos, análise de pezas audiovisuais , etc

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías e a atención non presencial ao alumnado seguirán o mesmo horario que os previstos para o escenario docente 100% presencial, aínda que, no caso de ser necesario por razóns sanitarias desenvolveranse nas salas virtuais do profesorado habilitadas para tal fin.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir  
Non se modificarán os contidos a impartir en ningún escenario.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe  
Puntualmente se hai que facer as prácticas nos domicilios, para as actividades pódese enviar ou recomendar alguna referencia concreta

\* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Avaliación continua do alumno no desenvolvemento dos traballos individuais e en equipo. Neste apartado valorarase asistencia, participación activa aínda que sexa virtual, rendemento individual en prácticas e exercicios- Antes 10% 20%

Resolución da secuencia de prácticas de cada un dos bloques que compoñen o programa da materia. Os alumnos traballarán en equipos e se valorará o proceso de adquisición de coñecementos e rutinas de traballo nos procesos que se determinen para tal fin. Antes 20% □ 10%

Examen final dos contidos teóricos incluídos no programa da materia. O examen poderá incluír partes de tipo test e preguntas de tipo tema- Antes 10% - 30%

Traballo práctico final no que o equipo de alumnos irá, a medida que avancen na resolución das prácticas, desenvolvendo a produción dun proxecto de ficción consistente na realización dunha curtametraxe orixinal que se presentará ao remate do curso. EN caso de non poder realizar esta curtametraxe cos medios da Universidade e de xeito presencial, por causas xustificadas e determinadas pola Universidade, avaliarase o proxecto do mesmo xeito, sen execución da curtametraxe ou levandoa a cabo de xeito colaborativo, cos medios propios do alumnado. Antes 60% - 40%

Se tornara unha época de confinamento, as probas xa realizadas antes desta circunstancia, avaliaríanse coas porcentaxes correspondentes á modalidade relativa ó do xeito excepcional